



O teu Concello infórmate

Tempos difíciles os que nos tocan vivir aos veciños de tódolos concellos de Galicia e de España.

O Goberno do Estado empezou o ano 2013 presentando a Lei de Reforma da Administración Local que, de levarse a cabo tal e como está proposta, representaría a práctica desaparición dos pequenos concellos e suporía o total abandono do medio rural galego.

A Xunta de Galicia creou un novo imposto, o Canon da Auga, con afán recaudatorio que só redundará nas súas arcas e utiliza aos concellos para que sexan os seus cobradores sen que obteñan ningún beneficio do recaudado.

A Xunta anuncia agora a suba da factura de Sogama que repercutirá nun aumento do 34% no recibo municipal de recollida do lixo, todo elo para corrixir a mala xestión que están a facer nesta sociedade pública. A estes problemas opoñémonos tódolos alcaldes sen distinción de cores nin de partidos políticos.

Fronte a esta situación, desde o goberno do Concello, tomamos decisións para favorecer aos veciños e, no ano próximo, centraremos a nosa atención nestes temas concretos:

- Un *Plan de Concienciación de Reciclaxe*, para así non aplicar a subida de Sogama.
- Un *Plan de Emprego Municipal* que palíe a situación das familias que sofren a lacra do paro.
- A creación de *Becas de Estudio* para axudar aos nosos rapaces.
- *Dotar economicamente unha partida* para evitar o Copago de Medicamentos para as Enfermidades Crónicas dos veciños que o necesiten por falta de medios económicos.

Desde o Equipo de Goberno que teño a honra de presidir, esperamos que estas decisións sirvan para enfrentarnos en mellores condicións ao 2014 e axuden a facernos máis felices nestas Festas de Nadal.

O Voso Alcalde



Xornada de anillamento de aves cos pequiños das escolas

O día 9 de outubro as tres escolas de Educación Infantil do Concello de Paderne participaron nunha xornada de anillamento de aves que se realizou no observatorio de Souto. As distintas aves, os rasgos que as diferencian e a utilización dos prismáticos e telescopios foi, para moitos deles, todo un descubrimento.

O interese que mostraban por ver cómo se anillaban os distintos exemplares fixo que o Alcalde tivese que ir axudándolles a moitos deles



Charla sobre Seguridade Cidadá

O Centro de Maiores de Paderne foi o escenario dunha charla sobre seguridade cidadá impartida pola Garda Civil o pasado venres 18 de outubro. Enmarcada no programa «Plan Mayor Seguridad» da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, centrouse en consellos prácticos para protexerse e nas estratexias que utilizan os delinquentes para aproveitarse do cidadá.

Presentación da charla no Centro de Maiores.



Presentación da UNED Senior

O Alcalde estivo presente o pasado día 26 de outubro no acto de inauguración deste novo curso da UNED Senior. A proposta formativa que se está a desenvolver en Paderne consta das seguintes materias: Prevención da Saúde e Medicina Natural, Ximnasia a través da Música (Boidanza), Galicia Historia e Gastronomía, Informática e Música.

Desde o comezo desta iniciativa, o Concello ven a prestar apoio a fin de que os maiores que o desexen, reciban formación en varias especialidades. Neste curso, 46 maiores están matriculados en distintas materias.



O Alcalde o día da presentación do curso en A Coruña

Plan Marco financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

O Concello ven de aprobar as obras incluídas neste Plan por un importe de **42.508,99 euros**. Ditas obras consisten na mellora da pavimentación das seguintes vías municipais: **Na parroquia de Obre:** Cruce estrada da Deputación - San Pedro; Cruce estrada da Deputación - Campeiro; Estrada Deputación - Obre. **Na parroquia de Souto:** Camiño núcleo Chantada - Abrodos; Núcleo Chantada; Camiño Baltar (Chantada); Camiño da Agra (Chantada); Xestión de residuos. **Na parroquia de Viñas:** Camiño cruce de Abrodos - Estrada N-VI; Camiño Barreiro - Loureiro.

Subvención nominativa da Deputación

Por un importe total de **105.000 euros** aprobáronse as obras incluídas na subvención nominativa da Deputación que consisten na mellora e pavimentación das seguintes vías municipais:

Na Parroquia de Velouzás: Camiño das Ánimas; C.P. - Ánimas; Núcleo urbano de Condós; Camiño das Poceiras; Núcleo urbano do Tercio; Camiño Souto de Valde - Tercio; Camiño de Chedas; Camiño das Medorras; Camiño do Vinteseite ó Adro; Camiño C.P. Tercio; Camiño da Auga Lavada ó Tercio; Núcleo urbano de Sas - Estrás; Camiño Sas - Espiñeiro. **Na parroquia de Adragonte:** Camiño dos Caseiros - Casal; Núcleo urbano da Pedreira; Camiño C.P. - Igrexa - Loibo; Camiño da Asnería; Camiño Pinar - Campo da Festa vello. **Na parroquia de Quintas:** Camiño Castro Lameira; Camiño Tarreo do Rei (Loibo); Camiño Porto da Tala (Loibo). **Na parroquia de Viñas:** Reparación da Aldea de Arriba (Ínsua); Camiño de Porto, Barreiro, Pedreira.

Plan de Emprego Municipal

Co obxecto de axudar á economía das familias de Paderne nestes tempos difíciles, o Equipo de Goberno considerou de vital importancia dedicar unha importantísima partida dos fondos municipais a paliar o desemprego. Así, en favor do emprego e como medida anti-criese, estase a dedicar unha parte importante do presuposto ordinario en sufragar os gastos derivados da contratación de **7 persoas** que van a ter o cometido de realizar os enganches do saneamento, da traída de augas, limpeza viaria e outras pequenas obras pendentes.

Contratación por medio dos programas de cooperación

O cadro de persoal do Concello de Paderne, veuse a incrementar coas axudas concedidas a través dos Programas de Cooperación da Consellería de Traballo e Benestar incorporando os seguintes servizos: - **1 Auxiliar de axuda no fogar** a xornada completa por un período de 4 meses. - **1 Peón** a media xornada para a cuadrilla de obras durante 4 meses. - **1 Peón forestal** para o servizo de desbroce de camiños a media xornada por un período de 4 meses prestando este servizo de xeito coordinado co Concello de Bergondo.

Programas de conciliación

Dentro da convocatoria de subvencións dirixida ós concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre homes e mulleres e da loita contra a violencia de xénero no ano 2013, da Deputación de A Coruña, contratouse a **1 persoa** a media xornada coa finalidade de realizar tarefas no servizo de atención a menores fóra do horario escolar ata o 31 de maio.

Igualdade

A través da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, contratouse a **1 Técnico en Igualdade** para a avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Paderne (2009-2012) ata o 30 de novembro.

Normativa do lixo

A Xunta de Galicia ven de notificar ó Concello **un novo Canon** na xestión dos residuos urbanos a aplicar a partires do día **1 de xaneiro de 2014**. Esta nova taxa no servizo de recollida do lixo encarecerá o recibo nun importe que pode oscilar en torno ós 10 euros por vivenda ó ano. O Concello de Paderne, consciente do problema que os residuos veñen a supoñer para a sociedade actual, pon en marcha sucesivas campañas en favor do reciclaxe e pola mellora do medio ambiente. Así, vamos a seguir recordando algo que todos deberíamos facer á perfección dado que: Temos contedores para a reciclaxe con distintivos dabondo para saber o que se debe verter en cada un deles. Aínda así recordamos que:

Contedores comúns | contedores envases lixeiros (amarelos) | contedores de cartón (azuis) | contedores de vidro (verdes)

iiNon se deben verter escombros procedentes de obras, vísceras das matanzas caseiras e maleza procedente da limpeza de leiras, ribadas e céspede de xardín i!

SE NON SE RECICLA, OU SE RECICLA MAL, PÁGASE MÁIS E, POLO TANTO, REPERCUTIRÁ NO RECIBO DO LIXO

Limpeza de fincas

Segundo a Lei 9/2002 de ordenación urbanística do medio rural de Galicia, no seu Artigo 9º «Deberes de uso, conservación e rehabilitación», os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal, nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.

Así, os propietarios de terreos, teñen o deber da súa conservación de acordo coas normas de protección do medio ambiente.

Pagos das actividades de adultos

Os pagos das actividades fanse efectivos no banco e en dúas veces; a primeira en **xaneiro** a última en **xuño**.

Están suxeitas a pago as seguintes actividades:

INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES e AEROBIC .

As actividades de **XIMNASIA DE MANTEMENTO** e **MEMORIA** non se abonan.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de hora e media á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª cota	Total curso	Nº actividades	1ª cota	Total curso	Nº actividades	1ª cota	Total curso
1 actividade	27 euros	54 euros	1 actividade	30 euros	60 euros	1 actividade	32 euros	64 euros
2 actividades	49 euros	98 euros	2 actividades	55 euros	110 euros	2 actividades	59 euros	118 euros
3 actividades	66 euros	132 euros	3 actividades	75 euros	150 euros	3 actividades	81 euros	162 euros

Recordade tamén que, como ven sendo habitual, **as Actividades Extraescolares, son GRATUÍTAS**; o Goberno Municipal ten o compromiso coas familias de contribuír á formación dos seus fillos e máis nestes momentos difíciles para a sociedade facilitando as clases de **inglés** e **informática** así como as **actividades deportivas**.

Canon da auga

Recordatorio:

É un **NOVO IMPOSTO creado pola XUNTA DE GALICIA, que comezou a aplicarse o día 1 de xullo de 2012 e que tódolos concellos están obrigados a aplicar SEN PERCIBIR NIN UN SÓ EURO POR ESTE NOVO IMPOSTO QUE SÓ REPERCUTE NAS ARCAS DA XUNTA.**

Na súa aplicación téñense en conta dúas compoñentes: unha fixa e outra variable:

- A **compoñente fixa** é de **0,5 euros/mes** nas vivendas cuxo consumo mensual sexa inferior ou igual ó tramo social (6 m³ en vivendas de tres ou menos persoas, 8 m³ en vivendas de catro persoas, 10 m³ en vivendas de 5 persoas, ...) e de **1,5 euros/mes** no caso de que o consumo mensual sexa superior.
- A **compoñente variable** é un sistema progresivo que toma en consideración o volume consumido e o número de persoas que habitan na vivenda; desta forma, dúas vivendas que rexistren o mesmo consumo mensual, pagarán distinto canon da auga en función do número de persoas que habiten nela.

Para realizar o cálculo debemos aplicar as dúas compoñentes e tamén o consumo cos seguintes baremos:

- En primeiro lugar, si á nosa taxa lle vamos a ter que aplicar un gravame, para o cal teriamos en conta a seguinte táboa:

Tramo de consumo (m ³ /mes)	Tipo de gravame
Consumo de 0-6	0,00 euros/mes
Consumo de 6-12	0,28 euros/mes
Consumo de 12-24	0,36 euros/mes
Consumo superior a 24	0,41 euros/mes

- En segundo lugar, aplicar as cotas da compoñente fixa ó consumo que teñamos, para o cal vamos a poñer uns exemplos de cálculo:

1º.- Para unha vivenda que consuma 6 m³/mes (6.000 litros), o importe a pagar serían de 0,5 euros (de cota fixa) e non se lle aplicaríase a cota variable ó non superar o consumo.

2º.- Para unha vivenda que consuma 21 m³/mes (21.000 litros), o importe a pagar sería de 1,50 euros (de cota fixa) porque excede os 6 m³; e a este exemplo aplicaríase a cota variable da seguinte maneira: os primeiros 6 m³ son gratis, os 6 m³ seguintes serían a 0,28 euros/m³, o que daría un importe de 1,68 euros, por último, ós 9 m³ seguintes aplicaríase o 0,36 euros/m³ o que daría un importe de 3,24 euros. Polo tanto, sumando a cota fixa e a cota variable que toma en consideración o volume consumido, esta vivenda pagaría o seguinte: **1,50 de cota fixa + 1,68 (1º tramo) + 3,24 (2º tramo) = 6,42 euros/mes.**

¿Quen regula as taxas?

O organismo Augas de Galicia quen, por Lei, considera que en cada domicilio viven tres persoas, polo que, no caso de residir máis persoas deberase solicitar a Augas de Galicia a modificación deste número e así poder beneficiarse de maiores volumes de auga nos tramos máis baratos segundo o modelo AU230H.

¿Contempla algunhas bonificacións?

Si; as familias numerosas poden reducir o importe do canon da auga á metade. Para solicitar a súa redución, a persoa que figure como titular de familia numerosa, deberá presentar o modelo AU2301.

Usos da auga exentos do canon da auga

Os agrarios, gandeiros, forestais e os destinados a unha unidade de convivencia independente que acredite estar en situación de exclusión social.

Para calquera dúbida, poden dirixirse ás oficinas municipais.

Excursión a Portugal

O Programa «Paderne en Familia» realiza unha nova excursión o **sábado 25 de xaneiro** a Portugal. Pola mañá achegarémonos a Vilanova de Cerveira con motivo da feira que se celebra nesta localidade. Na xornada de tarde iremos ata Valença do Minho.

Ás 7 da mañá os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias; poderán asistir as persoas empadroadas no Concello de Paderne cunha aportación por persoa de 25 euros.

Os interesados poden inscribirse chamando ás oficinas municipais ata o 22 de xaneiro.

Programación de Nadal

FESTA DO NADAL.- O Concello organiza unha festa de Nadal para os pequeniños das escolas de Educación Infantil o día **18 de decembro**. Ás 11:00 horas unha sesión de conta-contos dará paso á visita de Papá Noel que se achegará a recoller as cartas dos máis pequeniños de Paderne.

CONCERTO DE NADAL.- Será o día **19 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello. O músico Federico Álvarez será o encargado de dirixir este clásico das datas do Nadal.

CONCERTO DE FIN DE ANO.- Este concerto será o día **26 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello. Neste caso será Mijail Moriatov quen, coa súa música despida a programación cultural do ano en Paderne.

As persoas que desexen asistir e estes concertos deben chamar ás oficinas municipais.

Inspección técnica de vehículos agrícolas

Os días 20, 26 e 27 de decembro realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: www.sycityv.com. As horas que vai a estar esta servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 agás o día 27 que será só en horario de mañá.

Cabalgata de Reis 2014

O día **4 de xaneiro** ás 14:30 h. está prevista unha recepción na Casa do Concello con motivo da visita das Súas Maxestades. Despois de ser recibidos polo Alcalde pasarán, xunto coa Comitiva Real, a facer o percorrido por tódalas parroquias de Paderne antes da chegada ó polideportivo municipal ás 18:45 h.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, desprazaranse ata alí para recibilos e participar, xunto con todos aqueles que este día acudan, da ilusión e a maxia desta tradición.

Ademais de poder saudar ós Reis e darlles as cartas, está programado un espectáculo de maxia como remate deste día de festa.

Este día haberá agasallos para os participantes no «**Concurso de narracións e debuxo**» no que poden participar tódolos rapaces e rapazas de entre 8 e 12 anos (na modalidade de narracións) ou entre 3 e 12 anos (na modalidade de debuxo). Todos deben estar empadroados no Concello de Paderne.

Os traballos entregaranse na Oficina Municipal de Información Xuvenil ata o día **20 de decembro**. Tanto as narracións como os títulos dos debuxos, deben estar en galego.